

# Historia(s) do vídeo

Xiana Arias Rego

É o pobre cine / dos noticiarios / o que debe lavar de toda sospeita /  
o sangue e as bágoas / así como se limpa a beirarúa / cando é tarde  
de máis / e o exército / xa disparou á multitude<sup>1</sup>.

## A circulación

— Vin un documental sobre as FARC-EP<sup>2</sup>.

— De quen?

— Dun grupo que se fai chamar Glauber Rocha.

— Das propias FARC?

— Non sei. Na ficha técnica aparece Diego Rivera como director,  
Tina Modotti como cámara e Roque Dalton como responsable da  
investigación. Na web da que o descarguei puña que era un equipo

<sup>1</sup> Godard, Jean-Luc. *Histoire(s) du cinéma*.  
París: Gallimard-Gaumont, 1998.

<sup>2</sup> *FARC-EP: a insurxencia do século XXI*, Equipo Glauber  
Rocha, 2009.

formado por cámaras de América Latina e Europa que se internaran na selva colombiana para amosar desde dentro a vida cotiá nos campamentos das FARC.

—E é así?

—É propaganda pura.

—Pero está ben?

—Interesoume. Teñen unha escena musical impresionante.

—Saía no filme?

—Si, a música, as bandas non. O documental dura unhas dúas horas e é unha mestura entre entrevistas a mandos ou soldados e videoclips con temas de apoio ás FARC con imaxes do campamento, dos adestramentos, de accións...

—Pero que tipo de cancións son?

—Pois como «con las FARC con las FARC la guaneña se fue a pelear trepando la cordillera en la ofensiva popular».

—Teño que velo. Saen moitas *guaneñas*?

—Si, se hai que ir a un curso de explosivos van e se hai que ir á batalla tamén. Di algo así unha delas. E teñen un cartel do 8 de Marzo que o ano que vén copiámolo.

—Como é?

—Ten dúas metralletas e pon oito de marzo.

—Namais?

—Non che chega? Tamén falan do aborto e dos anticonceptivos.

—Que din?

—Que todas teñen que planificar, que é unha disposición da Conferencia Nacional e que hai que cumprila. Que hai que evitar quedar embarazada, vamos.

—Que toman a píldora.

—Ou algo. E que se hai que realizar algún aborto, hai médicos.

—En que filme saía aquela manifestación na que berraban «longa a vida ao control de natalidade, chega cun fillo»?

—En *Plataforma* de Jia Zhag-Ké<sup>3</sup>?

—Si!

No confundir, somos poetas que escribimos / desde la clandestinidad en que vivimos. / No somos, pues, cómodos e impunes anonimistas<sup>4</sup>.

### **Leccións de dereitos humanos**

—Envieiche un vídeo, víchelo?

—O de *Una policía democrática*<sup>5</sup>?

—Si.

—Vino porque o busquei en *Cubainformación* pero quitárono de *Youtube*. A comunidade de usuarios considerouno inadecuado.

—Canta censura farán baixo o nome de «comunidad de usuarios»?

—Desconfía e acertarás. Pero o vídeo non me gustou moito.

—Por que?

—É un pouco o de sempre e non identifica as imaxes que utiliza das cargas da Garda Civil, a Policía Nacional, a Ertzaintza e os Mossos d'Esquadra. Penso que para comparar dese xeito unha actuación manipulada polos medios europeos como a da disolución da protesta das Damas de branco deberían facelo con

<sup>3</sup> *Plataforma* - 站台 [Zhàntái], Jia Zhang-Ke, China, 2000. Proxectada no Cineclube de Compostela en decembro de 2007.

<sup>4</sup> *Sobre nuestra moral poética*, Roque Dalton, *Poemas Clandestinos* (Uca editores, 1999)

<sup>5</sup> *Lecciones de derechos humanos para Cuba. Lecciones de manipulación*, *Cubainformación.tv*, 2010.

outras accións concretas, situar quen recibe os golpes e en que lugar e contexto se dan.

—Hai un montón de vídeos que documentan a brutalidade das policías do estado español en *Youtube* .

—Xa. E case todos teñen música por riba coma este.

—O que me recorda outro que che quería mandar e tamén quitaron de *Youtube*, o videoclip que lle fixo o fillo de Costa Gavras a M.I.A.<sup>6</sup>.

—Xa o vin. É xenial, brutal, encantoume. E a canción tamén...

—Seica se parece a *Punishment Park*<sup>7</sup>...

En Youtube atópanse centos de vídeos relacionados cas protestas en Irán. A maioría están grabados dende as cámaras dos teléfonos móbiles, con imaxes borrosas e planos inestables; xente anónima que participa ou é testemuña da revolución. Uns autores narran os acontecementos, pero a maioría serven como testemuñas presenciais, constituíndose no único medio para que o resto do mundo poida ver o que está a pasar. Estes vídeos son fontes directas, filmados cunha subxectividade que é irresistible e ao tempo inquietante, xa que as imaxes non censuradas parecen surrealistas. Cando vemos un vídeo dun home atropelado pola furgoneta da policía a cámara amosa en primeiro plano a súa cabeza ensanguentada, deformada, mentres escoitamos unha banda sonora de música extradiaxética, lémbra-nos un filme de ficción, pero sabemos que, á parte da música, o que vemos é real<sup>8</sup>.

<sup>6</sup> *Born Free*, Romain Gavras, 2010.

<sup>7</sup> *Punishment Park*, Peter Watkins, EUA, 1971. Proxectada no Cineclub de Compostela en setembro de 2006.

<sup>8</sup> *Irán, Youtube y su democracia*, Azadie Nazanine, Blogsandocs.com, 2010.

## As imaxes da guerra

—Non viñeches onte ao Cineclub.

—Fun ao concerto de Emilio José.

—Pois tes que ver *Iraqi Short Films*<sup>9</sup>.

—Gustouche?

—Pensei moito en *Generation Kill*<sup>10</sup>, en cómo os marines se gravaban a si mesmos nas misións ou facendo o idiota nos campamentos. E ao final cando viron a montaxe é coma se tomasen realmente conciencia do que estaban facendo ou do que era a guerra.

—*Iraqi Short Films* está feita toda con vídeos da rede, non?

—O director seica non puido ir gravar a Iraq e construíu o filme cos vídeos que fora gardando como documentación.

—A min gustárame ter os brutos de *gzvideos* e *galizacontrainfo* e reutilizalos.

—Hai moitas imaxes na rede, é coma se as herdásemos. Non precisamos unha cámara se queremos traballar.

(...) gravan todos os seus actos de guerra e usan o material como propaganda de recrutamento e como testemuño da efectividade das súas operacións para conseguir diñeiro e armas e para acadar apoios para a súa causa. A maioría das milicias teñen a súa propia oficina de produción e difusión de vídeo con varias persoas asignadas a tarefas específicas. Eles posproducen e melloran a calidade do material obtido nas operacións. O soldado que grava os actos de guerra fica sempre agochado lonxe da acción, usando a cámara con zooms e teleobxectivos extremadamente poderosos. Oculto nun lugar previamente designado para conseguir a mellor toma posíbel

<sup>9</sup> *Iraqi Short Films*, Mauro Andrizzi, Arxentina, 2008. Proxectado no Cineclub de Compostela en abril de 2010.

<sup>10</sup> *Generation Kill*, David Simonds, Ed Burns, HBO, 2008.

encadra e rexistra un momento na guerra. (...) Os soldados americanos e a seguridade privada tamén levan cámaras mesmo cando isto non está permitido polo Departamento de Defensa dos EUA. Algúns actos de guerra e asaltos son gravados ás veces con propósitos loxísticos, para a análise da batalla ou mesmo para o seu uso como material de propaganda para filtralo á prensa —se a operación tivo éxito— para estimular a moral das tropas e da xente nos EUA e para recrutar novos soldados. Mais os soldados americanos non teñen permitido gravar a guerra. Eles fano igual, propagando e difundindo imaxes sen permiso, violando ordes e restricións impostas polos seus superiores<sup>11</sup>.

### **A denuncia do capitalismo**

—Soñei cunha nena arrastrándose pola lama cunha cámara na man.

—Eras ti?

—Non, a nena era outra, pero a que movía a cámara era a miña cabeza.

—E que gravabas?

—Non sei ben. Unha batalla. Andaba atrás dos soldados e case non vía nada.

—Imaxina que lle dás unha cámara a unha nena de dez anos, seguro que grava de xeito diferente.

—Non sei, pero a esa idade xa chupou moita televisión.

—Depende de onde sexa a nena. Pode ser saharauí ou birmana.

—O que estaría ben é poder meterlle unha cámara nos ollos.

—Ti cres?

<sup>11</sup> *Iraqi Short Films* Mauro Andrizzi, Arxentina, 2008

(...) carencias que enxendran o populismo, o naturalismo, o individualismo e a ambigüidade ideolóxica. Ao análise marxista, moitos prefiren o recurso a unha moral inadecuada fundada, unha vez máis, no antagonismo entre o Ben e o Mal.<sup>12</sup>

<sup>12</sup> Hennebelle, Guy. *Os cinemas nacionais contra o imperialismo de Hollywood*. Paris: Editions du Cerf, 1975.